

FUNDACIÓN EROSKI PON EN MARCHA A VII EDICIÓN DO PROGRAMA EDUCATIVO EN ALIMENTACIÓN E HÁBITOS DE VIDA SAUDABLES

- O 28,5% dos centros escolares de Educación Primaria de España participaron no programa dende o seu inicio no 2013
- A iniciativa, desenvolvida en colaboración con centros escolares de toda España, busca sensibilizar os estudantes sobre a importancia de ter unha alimentación equilibrada e un estilo de vida saudable
- Para este curso renováronse as sesións didácticas dos obradoiros, reforzouse o programa cun novo módulo de repaso e incorporáronse visitas a novos produtores locais
- Tamén suma unha nova edición do concurso de debuxos de receitas saudables "Imagine Food" que tanto éxito acadou nas edicións pasadas

Elorrio, 26 de outubro do 2018.– A [Fundación EROSKI](#), a través da súa Escola de Alimentación, puxo en marcha a VII edición do [Programa Educativo en Alimentación e Hábitos de Vida Saudables](#) (PEAHS). O obxectivo primordial do programa é sensibilizar os estudantes sobre a importancia de teren unha alimentación equilibrada e de seguiren un estilo de vida saudable. As escolas interesadas en participar no PEAHS durante este curso 2018-2019 pódense inscribir a través de www.escueladealimentacion.es ou no teléfono de atención 946 072 841.

Máis de 460.000 escolares de 3.192 centros de Educación Primaria de toda España participaron na VI edición do PEAHS desenvolvida durante o curso escolar 2017-2018. As escolas inscritas no programa dende o seu inicio no 2013 supoñen o 28,5% dos centros escolares de Educación Primaria de España e levan participado un total de 869.000 escolares de 3.968 escolas diferentes.

"A nosa Escola de Alimentación ten a vocación de sensibilizar os nenos e nenas de Primaria e o seu contorno sobre a importancia de levar unha alimentación equilibrada e uns hábitos de vida saudables. E para iso baseámonos nunha metodoloxía lúdica, participativa e experimental, fomentando unha actitude construtiva, responsable e cooperativa a través de pequenos proxectos grupais baseados na alimentación e nos hábitos saudables que tan bos resultados están a procurar ano tras ano e que converteron este programa en referente", sinalou o director da Fundación EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa. "Con respecto ao curso anterior, o número de escolares e máis de escolas medrou notablemente, un 143% e un 89%, respectivamente. Estes datos confirman a valoración positiva do

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

programa, que nos últimos anos multiplicou por sete o número de participantes", engade.

Novidades para este curso

O PEAHS foi configurado por un Comité Científico formado por profesionais de diferentes disciplinas: medicina e pediatría, nutrición e dietética, psicopedagogía e pedagogía. Está dirixido a estudantes de Primaria, conta con dez sesións didácticas que se desenvolven na aula e complétase con obradoiros prácticos. Os alumnos aprenden a realizar unha compra saudable nunha tenda EROSKI e teñen a oportunidade de visitar as instalacións dun produtor agroalimentario local para coñeceren de primeira man a orixe dos alimentos. Unicef, WWF, a Fundación Española do Corazón e o Basque Culinary Center son colaboradores da Escola de Alimentación e elaboraron parte dos contidos do programa educativo. Nunha das sesións, EROSKI colabora nesta edición con Osakidetza - Servizo Vasco de Saúde cun obradoiro para difundir hábitos de hixiene.

"Este ano reformulamos os obradoiros tradicionais en tenda para facelos aínda máis divertidos e didácticos, e incorporamos un novo formato de obradoiro en tenda O Chef da Clase cun novo vídeo. O pasado curso realizáronse case 1.000 obradoiros en 202 tendas e contaron coa participación de máis de 20.000 escolares", explicou Martínez Berriochoa.

Para este curso, espera superar a cifra de escolares participantes da edición anterior e ademais do concurso de receitas saudables "Imagine Food", que tanto éxito logrou nas dúas anteriores edicións, iranse incorporando novidades ao longo do curso. *"Estendemos os novos formatos de obradoiros, renovamos as sesións didácticas e aumentamos o número de produtores locais de alimentos para incrementar os obradoiros que con tanto éxito cubrimos cada curso",* adiantou Martínez Berriochoa. *"Ademais, incorporamos un módulo de repaso que funcionará como complemento ao programa para trimestralmente insistir, de xeito educativo, na alimentación e na importancia de seguirmos unha dieta saudable e equilibrada, e tamén actualizaremos as actividades das unidades didácticas",* engade.

Recoñecementos á promoción de hábitos saudables

O programa formativo da Fundación EROSKI para promover unha alimentación máis saudable conta con numerosos recoñecementos. Entre eles atópase o premio OCARE á "Mellor campaña de comunicación RSC coa sociedade civil", acadado o

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



pasado ano. [O Observatorio da Comunicación e a Acción da Responsabilidade Empresarial \(OCARE\)](#) premiou o *Programa Educativo en Alimentación e Hábitos de Vida Saudables (PEAHS)* como unha das mellores accións de comunicación de RSC desenvolvidas no 2016 en España. Os premios OCARE teñen como obxectivo recoñecer as mellores iniciativas e accións da Comunicación arredor da Responsabilidade Social Corporativa (RSC).

Ademais, o PEAHS conta tamén con numerosos recoñecementos, entre eles o Premio "O Chupete" no Festival Internacional de Comunicación Infantil en recoñecemento á comunicación dirixida a menores; o Premio NAOS, outorgado polo Ministerio de Sanidade e Consumo en recoñecemento á súa achega á saúde dos consumidores e á difusión de hábitos de vida saudables; o Selo Gosasun de Innobasque (Axencia Vasca de Innovación); o Premio Ciudadán na categoría de Saúde e Calidade de Vida; e o Premio do Centro Catalán da Nutrición (CCNIEC).

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)